Tal facto introduz um factor de ambiguidade pelo reforço à tendência do refúgio nos pontos intermédios, como forma de evitar decisões mais controversas.

No sentido de obviar esta situação, importava que os Departamentos de Pessoal tracem directrizes com vista a reforçar a prática de utilização preferencial dos "escalões pares de notação", relegando os números ímpares para as situações em que se torne de todo impossível o consenso de atribuição de nota par.

Desta forma, a escala teoricamente longa, ficará reduzida a uma escala de 5 pontos, passível de menor índice de subjectividade e menor ambiguidade.

Incidindo concretamente na *Administração Local*, (pelo Artigo 4 do Decreto Regulamentar 45/88) instituiu-se a notação periódica do pessoal, tornando possível aos organismos a introdução de *coeficientes de ponderação*

em todos ou em alguns factores das fichas de notação às situações particulares, tornando-se bem aplicado - uma boa técnica de mudança de comportamentos.

Esta possibilidade ofereceu a possibilidade de melhorar o sistema e a adaptá-lo às circunstâncias particulares de cada serviço.

“Era vantajoso que cada serviço apresentasse “factores de ponderação próprios, adequados à especificidade das tarefas que desempenham os seus funcionários e ainda com a possibilidade de se poder variar ao longo do tempo, de acordo com as necessidades de adaptação do organismo às exigências –internas e externas– que o pressionam no sentido da mudança”.

Mas tal como se pode aumentar o peso relativo de um determinado factor, também se pode concluir que outro tem pouco interesse para a boa execução de uma dada função, sendo conveniente “anular” a sua importância no cômputo global da notação.

Ainda que não estando previstos na lei nada impede que se apliquem “técnicas de desvalorização pontual de um determinado factor”.

Exemplificando:

se para um dado factor –a criatividade– nada relevante para o trabalho executado por determinado funcionário cujas tarefas são rotineiras e repetitivas, havendo pouca margem de liberdade para a criatividade, uma forma prática de anular o peso relativo deste factor é atribuir-lhe a nota média que resulta da restante avaliação feita a esse trabalhador.

Torna-se óbvio que estes procedimentos devem ser “precedidos de esclarecimentos a todos os serviços, a fim de se obter a desejável uniformização de critérios de avaliação”.

De forma sintética, a correcta utilização deste instrumento, poderia passar fundamentalmente por:

- prestação de informação completa a notados e notadores
- formação específica aos notadores, no que respeita a competências de avaliação, nomeadamente no acto da entrevista
- adaptação das grelhas às diferentes realidades organizacionais
- elaboração de coeficientes discriminatórios dos diversos factores, que evidenciem a diferente natureza e exigências das funções, consoante o serviço em que se integra o trabalhador.

FONTE: este último ponto foi baseado na comunicação apresentada “Seminário Internacional - Os Recursos Humanos nas Autarquias Locais e os Desafios dos anos 90”.

3.a. A entrevista de avaliação

O diploma que regulamenta a classificação de serviço na Função Pública, contempla, no seu artº 31º, conhecimento do interessado da sua classificação, em entrevista individual com os notadores.

A entrevista é considerada como uma fase obrigatória do processo de classificação de serviço.

Os autores que teorizam sobre a Avaliação do Desempenho consideram que:

- a lei não obsta que outros objectivos estejam presentes na entrevista
- ser este o momento privilegiado do processo
- a entrevista não deve contemplar apenas a transmissão da classificação de serviço, mas propiciar uma troca de informação sobre o funcionamento de serviço, explorar comportamentos assumidos, clarificar aspectos do desempenho do notado que devem ser melhorados e definição de metas a atingir.

Planty, Earl G. e Carlos Efferson em *Counseling Executives after Merit Rating or Evaluation* (Nova York: American Management Association, 1953) sustentam que os objectivos da avaliação de desempenho são os seguintes:

- Dar ao colaborador uma ideia clara sobre como está a desempenhar a sua função, através de uma comunicação clara e inequívoca do seu padrão de desempenho. Daí a oportunidade ao colaborador não apenas de compreender o que o chefe espera dele em termos de qualidade, quantidade e métodos de trabalho mas também de entender as razões desses padrões de desempenho.
- Dar ao colaborador uma ideia clara sobre como está a desempenhar a sua função, salientando os seus pontos fortes e fracos e comparando-os com os padrões. As percepções sobre o nível de desempenho não são idênticas, podendo ser clarificado o entrevistado.
- Discutir, ambos, sobre o que se pode fazer para ajudar a desenvolver melhor e aproveitar as capacidades do colaborador, que necessita de entender como poderá melhorar o seu desempenho para participar activamente nos passos a dar para a sua melhoria.
- Construir relações pessoais mais fortes entre superior e subordinado, nas quais ambos tenham oportunidade de falar abertamente sobre o trabalho, especificamente sobre a forma como está sendo desenvolvido e como poderá ser melhorado.
- Eliminar e reduzir dissonâncias, ansiedades, tensões e incertezas que surgem quando os indivíduos não gozam das vantagens do aconselhamento planeado e bem orientado.

Dum estudo realizado sobre a importância do feedback entre chefia

e colaborador, Ilgen e colaboradores retiraram algumas conclusões que deram origem às seguintes considerações sobre o processo:

- o feedback sobre o desempenho deve ser tão explícito em termos de comportamentos quanto possível
- as reacções dos colaboradores serão tanto mais positivas (mantendo-se o resto constante) quanto maior for o seu poder de referência (consideração e respeito que uma pessoa tem por parte dos seus colegas) e poder de especialista (deriva da percepção que o colaborador tem do seu domínio da função)
- as chefias devem fornecer feedback específico ao longo do ano e não só por altura do preenchimento da avaliação.

3.b. O papel do notador

Sendo uma ocasião privilegiada para descobrir a melhor forma de conciliar objectivos individuais com os objectivos organizacionais, o notador deverá:

- estar preparado para documentar e concretizar todo o tipo de apreciações, quer sobre os pontos fortes, quer sobre os fracos. A existência de uma forma de notação sistemática pode facilitar muito
- ser específico nas apreciações e não geral
- cingir o feedback a fornecer factores susceptíveis de serem modificados pelo avaliado
- explicitar os fins a que se destina a avaliação: formação, promoções, etc.
- ter presente que a reunião se destina a ajudar pessoas e não a culpá-las
- ser conduzida para fornecer ajuda, apoio e orientação
- enunciar comportamentos e não as características da pessoa
- colocar questões por forma a garantir que tudo fica bem compreendido. A actuação deve ser centrada no avaliado e de escuta activa
- promover conversas ao longo do tempo, em conversas planeadas ou não
- ter considerações durante a entrevista de forma franca e sem malícia
- procurar compreender o processo motivacional dos seus colaboradores e o seu ajustamento
- adoptar uma postura de ajuda na melhoria do desempenho dos seus colaboradores
- sinalizar aspectos menos bons do desempenho do avaliado, no caso deste não o referir
- clarificar expectativas no caso de desempenho insatisfatório

3.c. O papel do notado

A importância do papel do avaliado é de igual expressividade comparativamente com a do notador.

A preparação da entrevista poderá ser facilitada se:

- o feedback for encarado como um processo de controlo mais eficaz do que se ficar à espera da iniciativa do chefe
- estiver preparado para fornecer informação pessoal (objectivos de carreira, nível de satisfação com a tarefa e com a chefia)
- for aberto e não defensivo, percebendo que as críticas devem ser encaradas como oportunidades de melhoria e não como ameaças
- existirem atitudes de um envolvimento activo, ou seja ouvir atentamente todas as alegações e factos, antes de formar uma opinião sobre a justiça da avaliação
- cuidar da linguagem não verbal durante a entrevista, isto é, manter contacto visual, postura e expressão facial de abertura

Sintetizando o avaliado poderá tirar melhor aproveitamento se responder às perguntas:

- | quais os principais pontos fortes?
- | quais os principais pontos a melhorar?
- | quais as críticas com as quais não concordei?
- | quais as que concordei?
- | pontos que merecem reflexão?
- | críticas que não entendi?
- | qual o meu estado de espírito?

3.d. Erros a evitar

Desenvolvemos de seguida, alguns aspectos - chave que importa salvaguardar na condução de ENTREVISTAS DE AVALIAÇÃO DO DESEMPENHO.

Assim constatamos que existe:

1. Falta de preparação das entrevistas

Traduz-se por:

- não revisão antecipada dos processos individuais
- não informação antecipada dos objectivos das reuniões
- não seguimento dos assuntos tratados nas últimas reuniões

2. Desrespeito pelos avaliados, durante o desenrolar das reuniões

Traduz-se por:

- interrupções frequentes para atender o telefone
- atitudes de indiferença ou depreciações da reunião
- final da entrevista deficiente

3. Deficiente descrição de funções

Traduz-se por:

- discordância quanto ao teor da descrição de funções

4. Discussão de assuntos que extravasam o âmbito da entrevista

Traduz-se por:

- influência negativa no desenvolvimento desta

5. *A entrevista serve apenas para comunicar resultados, não deixando qualquer espaço para discussão*

6. *A avaliação faz-se com base na personalidade e não no rendimento profissional*

7. *O avaliador não discute formas de melhorar a situação, recusando-se simplesmente a ouvir*

8. *O avaliador não enfrenta as áreas de conflito*

3.e. Algumas pistas para as tornar mais eficaz

Com vista a preparar uma entrevista de avaliação, importa acautelar alguns critérios que deverão nortear o notador, a saber:

- Fazer planos específicos e concretos; quando possível demonstrar tempo disponível
- Enfatizar os pontos fortes sobre os quais o indivíduo pode basear-se, mais do que os pontos fracos a serem ultrapassados
- Evitar sugestões que envolvam mudanças de traços ou de características pessoais; isto não quer dizer que se não descreva o comportamento que foi prejudicial ao indivíduo e sugerir meios alternativos
- Dar a conhecer ao indivíduo, as oportunidades de crescimento
- Limitar os planos de crescimento a poucos itens importantes, possíveis de serem alcançados dentro de um período de tempo razoável
- Focalizar os planos sobre um objectivo e não sobre a “melhoria geral”
- A sequência de comentários deve ser: apreciação (registo positivo) –apreciação negativa– apreciação positiva (técnica da sandwich)

Fechar a entrevista com um registo positivo e com uma oferta de ajuda e colaboração

- Possibilidade da entrevista ser realizada apenas pelo notador de 1º nível, no caso em que o número de notadores seja elevado e mobilizando por tempo excessivo os notadores de segundo nível, criando soluções de continuidade no enquadramento funcional
- Nas situações em que a entrevista não se possa realizar por ausência do notado, a comunicação das menções qualitativas ou pontuações possam ser enviadas por carta registada

4.a. Novas tendências em avaliação do Desempenho

Os complicados processos estruturados e formalizados de avaliação do desempenho estão a perder incidência, passando a prevalecer o esforço de avaliação qualitativa das pessoas de forma directa e sem depender de relatórios sucessivos até chegar ao responsável pelo tratamento da informação e tomada de decisão.

Num contexto ambiental em constante mudança e transformação, a avaliação de desempenho torna-se mais necessária para verificar permanentemente os rumos para as eventuais correcções ou alterações.

A detecção dos ajustes necessários caminha em relação às pessoas, às equipas e sobretudo à organização como um todo.

Os rumos da avaliação do desempenho também têm sido marcados pela GRADATIVA SUBSTITUIÇÃO DA ORGANIZAÇÃO FUNCIONAL E DEPARTAMENTALIZADA pela organização POR PROCESSOS, alterando profundamente os sistemas de indicadores e de medições dentro das organizações.

Percebe-se ainda a completa ausência de indicadores de desempenho em muitas organizações ou a utilização de vários indicadores dispersos e desconexos que não possibilitam a visão global necessária.

As principais TENDÊNCIAS que se encontram nas organizações bem sucedidas são as seguintes: (fonte: Idalberto Chiavenato, Recursos Humanos, ed. Atlas).

1. *Os indicadores tendem a ser sistémicos* através do efeito de cascata, facilita-se a localização de metas e objectivos dos diversos departamentos e níveis hierárquicos envolvidos. Os indicadores devem estar focalizados no cliente interno e externo.

2. *Os indicadores tendem a ser escolhidos e seleccionados como critérios distintos de avaliação:*

Difícilmente um único indicador pode ser tão flexível e universal para servir igualmente critérios diferentes.

Torna-se necessário distinguir os indicadores adequados para servir cada um dos critérios específicos.

3. *Os indicadores tendem a ser escolhidos em conjunto:*

A avaliação fundamenta-se cada vez mais na adopção de índices objectivos de referência, que possam balizar melhor o processo como:

■ indicadores de desempenho global (da organização)

■ de desempenho grupal (da equipa)

■ de desempenho individual (da pessoa)

A finalidade é estabelecer marcos de referência que possam ajudar na comparação e no estabelecimento de novas metas e resultados a serem alcançados, além de permitir uma visão global do processo.

4. A gestão por *objectivos visa*:

- direccionar a gestão para *objectivos* e fins, em detrimento de processos e actividades
- promover a interacção entre subordinados e superiores na fixação de *objectivos*
- insistência na medida e controlo
- é revisto continuamente o progresso
- são dadas recompensas em função do desempenho
- introduzir a concorrência entre serviços
- na área da Administração Pública continuar uma lógica de serviço público, mas a dotação de orçamentos e remuneração dos funcionários dependem da eficiência e da qualidade dos serviços prestados
- implementar uma gestão de qualidade total, abandonando-se a avaliação do desempenho como base de remuneração


5. A gestão por *objectivos pressupõe*:

- que as capacidades e habilidades dos membros das organizações sejam bem aproveitados
- que as chefias requeiram dos colaboradores que treinam as suas capacidades em benefício da instituição, mesmo que tal implique esforço pessoal
- que os trabalhadores podem ser exercitados para realizarem esforço e aceitarem responsabilidade
- que o comprometimento do indivíduo com a livre aceitação de desafios de natureza profissional, reforçará o sentido de responsabilidade e auto controle
- que as motivações podem funcionar como factores mobilizadores de energia e esforço individual
- que o planeamento seja assumido, como uma função nuclear da gestão
- que o controle do progresso e a avaliação de resultados funcionem eficazmente como instrumentos de avaliação do desempenho, identificação e correcção de erros de planeamento e/ou execução

4.b. A Avaliação do Desempenho como elemento integrador das práticas de Recursos Humanos

Idalberto Chiavenato no seu livro "Recursos Humanos, ed. Atlas, 1997" portula que a avaliação de desempenho procura "monitorar e localizar as pessoas com características adequadas para os negócios de empresa, continua e complementa os trabalhos de provisão de pessoas, indica se as pessoas estão bem integradas nos cargos e tarefas, se o desempenho e os resultados são alcançados, sinalizando os pontos fortes e fracos, potencialidades a ser ampliadas e fragilidades a serem corrigidas, proporcionando retroação às pessoas a respeito dos seu desempenho e potencialidades.

Em esquema:



Nesta perspectiva defende-se que:

■ A AVALIAÇÃO DE DESEMPENHO DEVE SER FEITA ATRAVÉS DE PROCESSOS SIMPLES E NÃO ESTRUTURADOS

As pessoas precisam de receber retroação sobre as suas competências (pessoais, tecnológica, metodológica e social), para realizarem o seu auto diagnóstico no desempenho quotidiano.

■ A AVALIAÇÃO REQUER A MEDIÇÃO E COMPARAÇÃO DE ALGUMAS VARIÁVEIS INDIVIDUAIS, GRUPAIS E ORGANIZACIONAIS

■ A AVALIAÇÃO ESTÁ A ENFATIZAR CADA VEZ MAIS OS RESULTADOS, AS METAS E OS OBJECTIVOS DO QUE O PRÓPRIO COMPORTAMENTO

o que induz três vertentes:

l a desburocratização

l a avaliação para cima (ascendente)

l a auto - avaliação

■ A AVALIAÇÃO ESTÁ A SER INTIMAMENTE RELACIONADA COM A NOÇÃO DE EXPECTÂNCIA.



Galiza, 10-X-1998

A LEI DE COOPERATIVAS DE GALICIA

Domingo Bello Janeiro

Director da EGAP

1. Introducción

A análise da Lei de cooperativas de Galicia, Lei 5/1998 do 18 de decembro, que entrou en vigor en marzo de 1999 segundo a súa Disposición Final número 1, coincidindo practicamente no tempo coa normativa propia neste sector de Andalucía, Valencia, Extremadura, Aragón e Madrid, necesariamente ten que comezar salientando a profunda alteración do marco normativo vixente sobre a materia como consecuencia da entrada en vigor non soamente desta lei senón tamén posteriormente da Lei estatal 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, o que ofrece un tema de análise e reflexión sobre o propio modelo cooperativo, que, polo seu interese, convén destacar dende o principio.

Nun proceso de globalización, no que as barreiras ós intercambios comerciais se disolven e a competencia aumenta, as sociedades cooperativas preséntanse como a forma máis adecuada para introducir modificacións nas estruturas das empresas e poder así enfrontarse ás cambiantes condicións dos mercados nunha posición competitiva.

Neste contexto, o lexislador debe dotar estas sociedades de instrumentos válidos e suficientes que lles permitan orientarse cara ó século próximo,

organizándose para afrontar los novos desafíos económicos e empresariais que representa a entrada na Unión Monetaria Europea.

A eficacia empresarial e a concentración serán os principais retos das sociedades cooperativas galegas para supera-lo limiar que lles permita situarse competitivamente na estrutura empresarial que lles corresponde e no mercado.

Tanto desde as Administracións Públicas como desde o sector privado, apóstase decididamente pola capacidade das cooperativas como grandes alternativas de desenvolvemento económico e creación de emprego estable. De feito, as propostas respecto ó fomento do emprego presentadas durante o ano 1999 contribúen a outorgarlle unha especial importancia ó movemento cooperativo e xenericamente ó sector da economía social.

A nosa Comunidade Autónoma debe poñer en marcha tódolos mecanismos administrativos que fagan posible que as cooperativas se convertan no motor do desenvolvemento económico de Galicia aproveitando as posibilidades que ofrece o marco europeo respecto ó fomento do cooperativismo.

Estamos, xa que logo, a asistir a un reforzamento do papel das cooperativas en Galicia, que destacan día a día sobre o conxunto da economía contribuíndo e dinamizando determinados sectores productivos. Na nosa Comunidade existen neste momento máis de mil cooperativas en funcionamento, que implican, nos procesos productivos, a cerca de cen mil persoas cun volume económico que supera os douscentos mil millóns de pesetas. Desde este punto de vista, o papel do cooperativismo como motor do desenvolvemento de Galicia é innegable, e resulta, pois, indubidable a relevancia económica do cooperativismo na Comunidade galega.

Pero tense dito moitas veces que a importancia económica do cooperativismo non se mide só nos seus aspectos cuantitativos, senón tamén nos seus aspectos cualitativos. Ademais, é necesario destacar, en relación con este último punto, que as sociedades cooperativas, a diferencia doutras sociedades mercantís, se rexen por principios e valores plenamente vixentes como a autoaxuda, a solidariedade co contorno, a absoluta igualdade entre os socios, e a democracia interna. Por esta razón, as cooperativas non só contribúen ó desenvolvemento económico: permiten tamén un desenvolvemento económico sostido no que o factor humano compete directamente co factor capital.

A propia exposición de motivos da lei galega fai fincapé nesta circunstancia: *Reforza esta lei –afírmase– o carácter empresarial das cooperativas co obxecto de potencia-la súa intervención competitiva no mercado, entendéndoa como instrumentos eficaces para a creación de riqueza e a xeración de emprego nos seus aspectos cuantitativos e cualitativos, cunha función de destacada importancia na redistribución de recursos, así como na prestación de servizos de natureza social.*

2. Ámbito competencial

A Constitución española xa recoñecía as virtudes deste tipo de empresas cooperativas ó establecer no seu artigo 129.2 que os poderes públicos promoverán eficazmente as diversas formas de participación na empresa e fomentarán, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas. Pero o Estatuto de autonomía no seu artigo 28 so lle atribuía a Galicia competencias de desenvolvemento e execución da lexislación estatal en materia de cooperativas.

Tense sinalado moitas veces que a ausencia de competencias plenas en materia de cooperativas supuxo, probablemente, un certo obstáculo para o desenvolvemento do cooperativismo galego, o cal quedaba sometido a normas de carácter estatal que, pola súa propia esencia e características, non sempre atendían nin podían atender ás características propias e diferenciadas da economía e das cooperativas galegas.

En efecto, malia a indubidable relevancia do movemento cooperativo nalgúns sectores da economía galega, o certo é que a nosa comunidade non estaba entre o reducido grupo de autonomías que asumiron dende un inicio competencias plenas na materia.

O Estatuto de autonomía, reitérase, só lle atribuía a Galicia competencias de desenvolvemento e de execución da lexislación estatal en materia de cooperativas (artigo 28). Deste xeito, a situación galega diferenciábase nidiamente da que gozaban comunidades como Cataluña ou o País Vasco, que tiñan competencias lexislativas plenas.

Agora ben, a dita situación de limitación competencial da nosa Comunidade, agravada polo carácter básico da maior parte da lexislación estatal e a excesiva regulación contida na Lei 3/87, xeral de cooperativas, cambiou radicalmente coa aprobación da Lei orgánica 16/1995, pola que o Estado lle transfere á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia lexislativa plena en materia de cooperativas.

A partir dese momento, o lexislador autonómico atopouse cunha inmejorable oportunidade para adapta-la lexislación cooperativa ás características propias do movemento cooperativo galego, e así o fixo a través da publicación da lei galega anteriormente mencionada e sobre a que versa o presente artigo.

En concreto, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o anteproxecto na súa reunión do 14 de marzo de 1997, e publicouse o proxecto de lei no *Boletín Oficial do Parlamento* o 16 de abril do mesmo ano, sen conseguir aprobalo polo remate da IV Lexislatura. Trala conseguinte paréntese, o proxecto foi presentado para debate e aprobación no Parlamento o 26 de decembro de 1997, e rematou o proceso mediante a publicación da Lei 5/1998, de cooperativas de Galicia, no *Diario Oficial de Galicia* do día 30 de decembro de 1998.

3. Obxectivos da Lei galega de cooperativas

Na Exposición de Motivos da Lei do 18 de decembro de 1998, de cooperativas de Galicia, sinálase o peso desta forma empresarial de organización e ordenación dos recursos e a súa destacada importancia na estrutura socioeconómica de Galicia.

Dous son, sen dúbida, os trazos característicos desta lei. Por un lado, reforza o carácter empresarial das cooperativas e, por outro, potencia a autonomía da propia sociedade cooperativa. O seu obxectivo é claro: dota-lo sector cooperativo de Galicia dunha regulación propia, avanzada, flexible e con vontade de estabilidade, que recolla as inquiredanzas das entidades cooperativas.

Efectivamente, unha breve lectura deste novo texto legal permítenos chegar ás ditas conclusións. En primeiro lugar, a lei pretende sen disimulos reforza-lo carácter empresarial das cooperativas. Entende con acerto o lexislador galego que *A expansión da economía de mercado obriga cada vez máis ás empresas a introducirse nos distintos mercados para poder competir e subsistir, o que esixe do lexislador a necesidade e responsabilidade de adecua-los principios cooperativos ós vindeiros tempos, dotando estas sociedades de instrumentos válidos e suficientes que lles permitan orientarse no seu acceso ó próximo século, organizándose para afronta-los novos desafíos*".

De cara a reforza-lo carácter empresarial das cooperativas, polo demais, a lei adopta numerosas medidas, algunhas das cales resultan certamente novas: nidia separación das competencias dos distintos órganos sociais, establecemento dun capital social mínimo, ampliación das posibilidades de captación de recursos externos a través da figura do socio colaborador, etc.

Outro grande obxectivo da nova Lei de cooperativas de Galicia consistía, como se dixo, na adaptación da lexislación cooperativa ás peculiaridades propias do movemento cooperativo galego. Segundo se manifesta na exposición de motivos da lei: *Dispoñendo, pois, a Comunidade Autónoma de Galicia de competencia exclusiva en materia de sociedades cooperativas, resulta necesaria e prioritaria a promulgación da primeira Lei de cooperativas de Galicia, axustada ás especificidades propias delas e adaptada ás estruturas económicas actuais*.

En consecuencia, resulta claro que o obxectivo primordial da lei é dota-lo sector cooperativo de Galicia dunha regulación propia, o que resulta natural ó tratarse da primeira Lei de cooperativas de Galicia e, polo tanto, axustada ás especificidades propias da nosa Comunidade e adaptada ás estruturas económicas actuais que, polo demais, resulta en consonancia coas máis modernas tendencias lexislativas estatais e autonómicas anteriormente citadas, que, igualmente, tentan reforza-lo carácter empresarial das cooperativas e potencia-la súa autonomía, así como, en definitiva, fo-

menta-lo cooperativismo tal e como esixe o mandato constitucional contido no citado artigo 129.2 da Constitución española.

Os detalles do seu réxime xurídico, tales como a fiscalidade, organización, réxime económico e contabilidade, así como as modificacións estatutarias e estruturais, o asociacionismo cooperativo e as clases de cooperativas, supoñen, con carácter xeral, unha completa regulación axeitada á realidade galega do sector.

Así pois, a nova Lei galega 5/1998 instaura no seu conxunto un completo réxime xurídico para as sociedades cooperativas que quedan dentro do seu ámbito de aplicación, réxime ó que terán que axustarse tanto as cooperativas que se constitúan no futuro como as xa constituídas conforme a lexislación anterior.

Neste sentido, o réxime xurídico que instaura a Lei de cooperativas de Galicia está sendo determinante nos horizontes de desenvolvemento do cooperativismo en Galicia. As sociedades cooperativas están demostrando a súa gran potencialidade e, polo tanto, desde a nova lei invítase ó asociacionismo.

En resumo, quero insistir no carácter transcendental desta Lei de cooperativas para a economía galega e para o desenvolvemento de Galicia, e resulta agora necesario comprobar polo miúdo na realidade práctica en qué medida os obxectivos propostos polo lexislador foron satisfactoriamente cubertos, polo que cómpre analizar con detalle cada apartado da lei que, polo carácter certamente novo dalgunhas das súas medidas, pode xerar certas dúbidas na súa aplicación e interpretación diaria.

4. Concepto e clases de cooperativas

A Lei galega de cooperativas salienta, no seu primeiro artigo, que a cooperativa é unha sociedade de capital variable, que desenvolve unha empresa que exerce actividades socioeconómicas e presta servicios, coa finalidade de satisfacer as necesidades e aspiracións dos seus socios; engade ademais que a actuación se realiza en interese da comunidade.

A continuación, no mesmo artigo 1, destácase que os socios teñen que participar na actividade cooperativizada activamente, co que se quere significar que cada socio non só ten que achegar capital e participar nos órganos sociais senón que, ademais, debe achega-lo seu traballo persoal no caso da cooperativa de traballo asociado ou os seus produtos no caso das cooperativas agrarias comercializadoras.

Na liña xa adiantada de reforza-lo carácter empresarial das cooperativas a lei tenta, ó mesmo tempo, incrementa-la súa credibilidade no mercado e o seu rigor empresarial, para o que establece, de xeito análogo a medidas similares noutros tipos de empresas, no artigo 5.1, a esixencia

do capital social mínimo necesario de 500.000 pesetas, e deberá estar debidamente acreditado o seu total desembolso desde a súa constitución.

Outros aspectos importantes sobre o concepto son a libre adhesión e baixa voluntaria, a estrutura e xestión democráticas, a distribución de resultados en función da actividade cooperativizada realizada, así como a posición xa adiantada de subordinación do capital con respecto ós socios e á actividade cooperativa realizada, que, ó longo da lei, constitúe un importante referente para a distribución de beneficios e mesmo para a fixación de achegas ou para a asignación dos votos plurais.

No artigo 7 da lei establécese o número mínimo de socios para as sociedades cooperativas de primeiro e segundo grao; así, mentres as sociedades cooperativas de primeiro grao deberán estar integradas, cando menos, por catro socios, as de segundo grao estarán formadas como mínimo por dúas sociedades cooperativas.

Merece destacarse a redución do número mínimo de socios necesario para constituír unha cooperativa co fin de adaptala cooperativa á realidade galega co que se facilita, deste xeito, o acceso a esta fórmula empresarial.

Nesa liña anunciada de potencia-lo funcionamento empresarial das cooperativas, préstaselle especial atención ó tratamento das operacións con terceiros ampliando as súas posibilidades de realización sen desnaturalizala cooperativa; admítese, ademais, que o 50% do beneficio xerado por estas operacións sexa de libre disposición da cooperativa, en lugar de envialo integramente ó fondo de reserva, como recoñecemento do risco empresarial asumido pola entidade e, dese xeito, permitir un máis adecuado dimensionamento do fondo de reserva obrigatorio ás necesidades reais.

En concreto, no que respecta ás operacións con terceiros, o artigo 8 da Lei de cooperativas de Galicia, dispón a posibilidade das sociedades cooperativas de realizar actividades e servizos cooperativizados con terceiros non socios, sempre nos termos previstos na lei e sen prexuízo das condicións impostas en cada momento pola normativa fiscal aplicable, tralo que se engade, no apartado 2 dese mesmo artigo 8, que, non obstante toda sociedade cooperativa, cando por circunstancias excepcionais non imputables a ela operase exclusivamente cos seus socios ou con terceiros dentro dos límites establecidos na lei e lle supoña unha diminución de actividade que poña en perigo a súa viabilidade económica, poderá ser autorizada para realizar ou, se é o caso, ampliar actividades e servizos con terceiros, por prazo non superior a un ano e ata a contía que fixe a autorización en función das circunstancias que concorran.

Polo que atinxe ás clases de cooperativas, a lei galega regula numerosas, como as agrarias, do mar, do ensino, de consumidores e usuarios, de vivendas ou de servizos; destaca a regulación das agrarias no artigo 111.1, que as define como as integradas por titulares de explotacións agrarias,

gandeiras ou forestais, que teñen por obxecto a realización de operacións dirixidas ó mellor aproveitamento das explotacións dos seus socios, dos seus elementos ou compoñentes e da cooperativa, e á mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do medio rural, así como a atender calquera outro fin propio da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou directamente relacionado con elas.

En Galicia, as cooperativas agrarias tradicionalmente non se limitaban a subministrarlles ós socios os elementos necesarios para realiza-la súa actividade agraria, senón que tamén na práctica, ante a falta de servizos xeneralizada nun marco de poboación espallada no ámbito rural galego, funcionaban, sen o conseguinte recoñecemento legal e os beneficios legais correspondentes, como cooperativas de consumidores e usuarios ós que facilitan ós socios outros bens e servizos para o uso e consumo doméstico ou particular do socio e do seu contorno familiar.

Pois ben, a partir da entrada en vigor da lei galega, posibilitase que as cooperativas agrarias poidan facilitar bens e servizos para o consumo dos seus socios e dos familiares que con eles convivan, e permítelles ademais a realización de operacións con terceiros neste suposto, pero advírtese, non obstante, que se esta actividade de consumo supera o 50% da actividade principal da cooperativa, deberá crearse unha sección específica que a xestione.

Nese mesmo artigo 111 que define as cooperativas agrarias, no seu apartado segundo, permítese que sexa socio dunha cooperativa agraria a compañía familiar galega coa consideración de socio único e a configuración como unidade económica única, sempre que estea debidamente documentada e constituída formalmente polas persoas e conforme a regulación da Lei de Dereito Civil de Galicia, que rexerá como Dereito supletorio da de cooperativas, no que resulte aplicable á natureza da sociedade cooperativa e dos seus socios, tralo que se engade que os estatutos poderán establecer, con carácter xeral, a forma na que os membros da comunidade familiar vinculados á explotación agraria do socio ou quen conviva con el poidan beneficiarse das actividades e dos servizos que a cooperativa desenvolva.

Cada tipo de cooperativas ten, como resulta lóxico, as súas peculiaridades, que supoñen distintas especificacións ó réxime global adecuadas ás súas características, tal e como sucede coas distintas posibilidades de autorregulación estatutaria que, nas cooperativas agrarias, de servizos e do mar, segundo una antiga demanda do cooperativismo agrario, posibilitan a previsión nos estatutos de regula-lo dereito ó voto plural dos socios na Asemblea Xeral en proporción ó volume de actividade cooperativizada que desenvolva o socio coa cooperativa, sempre que ningún socio teña máis de cinco votos sociais, así como que o conxunto de votos plurais non supere o 25% dos votos sociais da cooperativa.

Con todo, as diferentes previsións para cada clase de cooperativas tentan adecuarse ás súas singularidades respectando os principios básicos da lei, como sucede coas de crédito e nas cooperativas de vivenda, onde se establece o carácter obrigatorio da auditoría externa en tódolos exercicios económicos, que resulta consonte coa natureza específica das ditas cooperativas e co principio xeral da lei de reforzamento das garantías do socio.

Na mesma liña de protección do socio, pódese engadi-la equiparación da contía mínima do anticipo laboral mensual co Salario Mínimo Interprofesional no caso das cooperativas de traballo asociado, pola súa especial significación en determinados sectores económicos nos que está asentada actualmente esta clase de cooperativas.

Por outra banda, dixemos que a Lei galega de cooperativas tenta adaptarse á realidade do sector en Galicia, o que pode evidenciarse tamén no ámbito que estamos a desenvolver neste apartado da regulación de novas clases de cooperativas, no que figura o caso da cooperativa de explotación de recursos acuícolas, dos que Galicia dispón en importante volume, e que supón un dos sectores económicos de maior potencial que, pola súa vez, requiriría dunha mellor estrutura empresarial, que, a través desta lei, aparece satisfeita.

Na cooperativa de explotación de recursos acuícolas, facilítase a integración dos traballadores cualificados nunha empresa para xestionar en común e explotar adecuadamente o marisqueo e a acuicultura en Galicia.

5. Constitución das cooperativas

A lei esixe, no seu artigo 11.1, a constitución da sociedade cooperativa mediante escritura pública, que terá que inscribirse no rexistro de cooperativas con posterioridade á realización da asemblea constituínte, integrada, segundo o artigo 12, polos promotores da sociedade, que terán que designar entre eles o presidente e o secretario, e non resulta necesaria a realización da asemblea no caso de que a escritura fose outorgada por tódolos promotores e non se fixera uso da facultade de obte-la previa cualificación do proxecto de estatutos por parte do rexistro de cooperativas.

No seguinte artigo, o 13, régúlase a situación xurídica da sociedade cooperativa en constitución, establécese que o presidente, o secretario ou o promotor facultado expresamente pola asemblea constituínte deberá realizar tódolos actos e as actividades necesarias para a constitución da cooperativa e a súa posterior inscrición, ademais das que expresamente lle sexan encomendadas pola asemblea constituínte, e actuará ata ese momento en nome e representación da futura sociedade.

Dos actos e contratos subscritos polos promotores facultados en nome da cooperativa, e do seu cumprimento antes da súa inscrición, responderán solidariamente aqueles que os subscribisen. Tres son as excepcións a esta norma xeral: que fosen autorizados expresamente pola asemblea constituínte; que a dita asemblea acordase que a súa eficacia quedase condicionada á inscrición da cooperativa, co que se ratificaría automaticamente por consecuencia dela; e finalmente que os acepte expresamente a cooperativa dentro do prazo non superior a un mes desde a súa inscrición.

Nestes casos, tal e como indica o apartado 2 deste artigo, cesará a responsabilidade solidaria dos promotores facultados, polo que responderán os socios dos actos e contratos subscritos con anterioridade á inscrición, así como de tódolos gastos precisos para a práctica dela, coa achega social efectuada por cada un deles ou que estivesen obrigados a desembolsar sempre que o patrimonio social sexa suficiente para facerlles fronte ás obrigas contraídas. No caso contrario, os socios virán obrigados persoalmente a cubri-la diferenza.

Polo que atinxe ós estatutos, reiteramos que unha das características da lei galega é a potenciación da autonomía da sociedade cooperativa, o que se tenta afondando na súa autorregulación mediante o aumento das posibilidades de adaptación da norma legal de carácter xeral ó caso concreto de cada cooperativa e, polo tanto, mediante o incremento do contido potestativo dos estatutos sociais que, como norma de autoorganización interna, está chamada a ter un especial protagonismo na vida social.

Efectivamente, o artigo 14 establece que, como mínimo, os estatutos terán que conter unha serie de datos, entre os que figuran distintas posibilidades de autorregulación que lle permiten á cooperativa, a través dos estatutos, poder exercitar unha serie de opcións que irán adecuando as previsións xerais da lei ás necesidades particulares de cada entidade.

Así, resulta necesario que se preveña nos estatutos a existencia ou non de seccións específicas (letra ñ punto 15 do artigo 14.1), e, na mesma liña, os estatutos poden optar entre distintas formas de configuración para os seus órganos de administración e intervención, incluíndo a posibilidade de presenza de persoas non socias nos ditos órganos (letra m punto 13 do mesmo artigo 14.1) ou as condicións e requisitos para adquiri-la condición de socio e o réxime de baixa (letra g punto 7), e poderase, a través da regulación estatutaria, nomea-lo conselleiro delegado, o administrador único para as cooperativas de menor dimensión, modula-lo réxime de incompatibilidades por parentesco ou establece-la ponderación de voto en determinadas clases de cooperativas, así como, no eido económico, a transmisión de achegas a persoas que se comprometan a ser socias.

Resulta, por todo iso, de singular relevancia a importancia da redacción dos estatutos que, como adiantei, terán que conter, como mínimo, os datos mencionados no referido artigo 14.1, que, con anterioridade a

unha cláusula xenérica coa que se pecha a enumeración remitíndose a calquera outra materia esixida pola lei, se refire á denominación da sociedade; ó domicilio social; ó capital social mínimo; ó ámbito territorial onde desenvolverá as actividades cooperativizadas cos seus socios; á duración da sociedade; ás condicións e ós requisitos para adquiri-la condición de socio e o réxime de baixa; á cuantificación e o establecemento do réxime da participación mínima do socio na actividade cooperativizada que desenvolve o seu obxecto e fin social; ás obrigas e dereitos dos socios.

Así mesmo, os estatutos, segundo o antedito precepto, conterán as normas de disciplina social, tipificación das infraccións e sancións, procedemento sancionador e recursos; a forma de publicidade así como o prazo para convoca-la Asemblea Xeral, ordinaria e extraordinaria, en primeira e segunda convocatoria; a achega obrigatoria mínima ó capital social para adquiri-la condición de socio da cooperativa; a composición do órgano de administración, do de intervención e, se é o caso, do comité de recursos da cooperativa, así como a duración do mandato dos seus membros; o réxime de transmisión das achegas dos socios e o seu dereito de reembolso sobre elas; o réxime de seccións que se creen na cooperativa; e finalmente as causas de disolución da cooperativa.

Pode observarse con nitidez tamén na regulación contida na lei respecto dos estatutos a varias veces reiterada intención de reforza-lo rigor empresarial das cooperativas mediante a necesidade de publicación de modificacións estatutarias significativas como a variación do capital social mínimo ou o cambio de domicilio social.

Polo que atinxe á escritura de constitución da sociedade cooperativa, o artigo 16.2 salienta que, como mínimo, terá que conte-la relación de promotores, cos seus datos de identificación persoal ou a razón ou denominación social, se é o caso, e a actividade comprometida; a manifestación dos outorgantes de que tódolos promotores reúnen os requisitos legais e estatutarios necesarios para ser socio da cooperativa que se constitúe; a manifestación da vontade de fundar unha cooperativa da clase de que se trate, os estatutos.

Tamén conterà a dita escritura, segundo engade o antedito precepto, a manifestación dos outorgantes de que tódolos promotores desembolsaron, como mínimo, o 25% da achega obrigatoria mínima para ser socio; a identificación das persoas designadas para desempeñaren os distintos cargos dos órganos sociais, coa aceptación e declaración expresa de non estaren incursas en causa de incapacidade ou incompatibilidade; o valor asignado das achegas non en diñeiro; a declaración de que non existe outra sociedade cooperativa con idéntica denominación; e finalmente calquera outro pacto ou acordo que se adoptase na asemblea constituínte.

Tralo outorgamento da escritura de constitución da sociedade cooperativa, o artigo 17 dispón que os promotores facultados deberán solici-

tar no prazo de dous meses desde o seu outorgamento a inscrición da sociedade no rexistro de cooperativas competente.

Transcorridos doce meses desde o outorgamento da escritura de constitución sen que se procedese á súa inscrición ou verificada a vontade de non inscribi-la sociedade, calquera socio poderá insta-la disolución da cooperativa en constitución e esixir, logo de liquidación do patrimonio social, a restitución das súas achegas.

Pois ben, sinalabamos con anterioridade que un dos obxectivos da Lei de cooperativas de Galicia, en concordancia co mandato constitucional, radica no fomento do cooperativismo, no que debemos situa-la potenciación do Rexistro de Cooperativas de Galicia e a súa ampliación de funcións, que poden mellorar substancialmente o servizo público que se lles presta ás entidades cooperativas, a terceiros e a interesados, se ben a previsión legal aínda está pendente de desenvolvemento mediante o correspondente Regulamento do Rexistro de Cooperativas que permita dotalo dos medios necesarios para poñer en práctica as previsións da lei.

6. Condición xurídica dos socios

Polo que respecta ós socios, responderán das débedas sociais ata o límite das achegas subscritas do capital social, estean ou non desembolsadas na súa totalidade, e se algún socio causa baixa na cooperativa responderá persoalmente durante cinco anos desde a perda da súa condición polas débedas sociais, despois da excusión do haber social, derivadas das obrigas contraídas pola cooperativa con anterioridade á súa baixa e ata o importe reembolsado das súas achegas ó capital social, segundo sinala o artigo 6 da Lei de cooperativas de Galicia.

No que atinxe ó número de socios, o artigo 7 da lei sinala que as sociedades cooperativas de primeiro grao deberán estar integradas, polo menos, por catro socios, mentres que as cooperativas de segundo grao estarán formadas como mínimo por dúas sociedades cooperativas.

Nas cooperativas de primeiro grao, segundo dispón o artigo 18 da lei galega, poderán ser socios tanto as persoas físicas coma as xurídicas, públicas ou privadas, e as comunidades de bens, mentres que nas de segundo grao só poderán ser socios as sociedades cooperativas e os socios de traballo daquelas, así como outras sociedades de carácter non cooperativo cando exista a necesaria converxencia de intereses e necesidades, sempre e cando os estatutos non prohíban.

Calquera socio poderá darse de baixa voluntariamente mediante preaviso por escrito ó órgano de administración nun prazo, fixado estatutariamente, non superior ó ano, coa correspondente indemnización de danos e perdas no caso de incumprimento, segundo regula o artigo 20.

Respecto dos dereitos dos socios, o artigo 22 dispón que estes teñen, ademais dos dereitos que lles outorguen as normas legais e estatutarias ou os acordos validamente adoptados polos órganos sociais, os seguintes: a ser elector e elixible para os cargos dos órganos sociais da cooperativa; a formular propostas e participar con voz e voto na adopción de acordos, así como tamén na actividade da cooperativa para o cumprimento do seu fin social; a recibir-la información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas; a percibi-lo retorno cooperativo; á actualización e devolución das achegas ó capital social, así como a percibir xuros por elas, se é o caso.

Por outra banda, o artigo 23 reconece o dereito de todo socio á información sobre a marcha da cooperativa e establece o seu contido mínimo nos seguintes termos: recibir unha copia dos estatutos; ter libre acceso ó exame do libro-rexistro de socios, ó libro de actas da Asemblea Xeral e ó libro de achegas ó capital social no domicilio social da cooperativa; ter á súa disposición as contas anuais, a proposta de distribución de resultados, o informe de auditoría externa e dos interventores; socilitar por escrito do órgano de administración calquera aclaración e informe sobre a marcha da cooperativa e recibir do dito órgano por escrito a información que considere necesaria, cando o 10% dos socios da cooperativa ou 100 socios lla soliciten.

Segundo temos adiantado, outra característica da lei galega é o reforzamento das garantías do socio, especialmente en determinadas situacións nas que se utilizou fraudulentamente a figura da cooperativa coa conseguinte perda de confianza social e dificultades de desenvolvemento cooperativo na zona ou sector afectado.

Nesta dirección de reforzamento das garantías do socio, xa adiantamos a previsión contida na regulación das cooperativas de crédito e nas cooperativas de vivenda, onde se establece o carácter obrigatorio da auditoría externa en tódolos exercicios económicos, así como a equiparación da contía mínima do anticipo laboral mensual co Salario Mínimo Interprofesional no caso das cooperativas de traballo asociado.

En igual liña de protección ó socio, verémo-la regulación da presenza de notario na Asemblea Xeral, o carácter escrito do procedemento sancionador e a intervención da Asemblea Xeral nos casos de expulsión, ademais doutra serie de medidas puntuais como evitar que os socios poidan ser suspendidos do dereito de asistir á asemblea con voz ou penaliza-lo atraso no reembolso das achegas.

No que atinxe ás obrigas dos socios, o artigo 24 sinala que os socios están obrigados a asistir a reunións da Asemblea Xeral e dos demais órganos para os que fosen convocados; cumprí-los deberes legais e estatutarios; participar na actividade cooperativizada que desenvolve o obxecto social da cooperativa, na contía mínima obrigatoria establecida nos es-

tatutos; non realizar actividades competitivas coas propias desenvolvidas pola cooperativa; gardar segredo sobre aqueles asuntos e datos da cooperativa dos que a súa divulgación poida prexudica-los intereses dela; desembolsa-la súas achegas ó capital social; participar nas actividades de formación e acepta-los cargos para os que fosen elixidos.

7. Organización das cooperativas

Unha das características máis destacadas da Lei galega de cooperativas refírese ó reforzamento do seu carácter empresarial, do que resulta a necesidade de dota-las cooperativas galegas de técnicas de xestión similares ás das empresas competitivas no mercado.

Nesta liña, a lei leva a cabo un importante esforzo no que atinxe á propia organización das cooperativas, para dotalas dos medios máis adecuados que permitan supera-la súa imaxe de entidades filantrópicas sen ánimo de lucro e que posibiliten a súa incursión no mundo empresarial moderno.

Para estes efectos, sinálase no artigo 30 que a Asemblea Xeral, como órgano supremo de expresión da vontade social, é a reunión dos socios, constituída co obxecto de deliberar sobre a política xeral da cooperativa e adoptar acordos sobre aqueles asuntos que sexan da súa competencia, vinculando as decisións adoptadas validamente a tódolos membros da cooperativa.

Na regulación da Asemblea Xeral, en conexión coa situación xurídica dos socios anteriormente enunciada, evidénciase a maior participación democrática activa dos socios e establécense garantías adicionais, tanto na convocatoria da asemblea, coa previsión da convocatoria xudicial se os administradores non a convocan despois dos oportunos requirimentos, coa conseguinte destitución inmediata do órgano de administración, como na comunicación ó socio da convocatoria da asemblea, na que, á parte das garantías ordinarias de publicación no domicilio social da cooperativa e en cada un dos centros nos que desenvolva a súa actividade a cooperativa, tamén se establece a obrigatoriedade de comunicación por carta ó domicilio do socio.

Así mesmo, segundo adiantamos, a regulación da Asemblea Xeral contén diversas disposicións que supoñen un reforzamento das garantías e dos dereitos do socio, tal e como pode evidenciarse coa necesidade da presenza de notario na Asemblea Xeral, ou co carácter escrito do procedemento sancionador, así como a intervención da Asemblea Xeral nos casos de expulsión, ademais doutra serie de medidas puntuais como evitar que os socios poidan ser suspendidos do dereito de asistir á asemblea con voz ou penaliza-lo atraso no reembolso das achegas.

Outro dos aspectos máis salientables da regulación galega radica no potenciamento da autonomía da sociedade cooperativa que, no que atinxe ó aspecto económico, se evidencia na posibilidade de que acordos puntuais da Asemblea Xeral, superando as rixideces do proceso de modificación estatutaria, leven a cabo a dotación de fondos obrigatorios ou a creación de fondos voluntarios repartibles ou non, en todo ou en parte, o que supón unha importante novidade respecto da Lei estatal de cooperativas 3/87, que non admitía o carácter repartible dos fondos de reserva voluntarios.

Nesta liña de potencia-la autorregulación, sitúase tamén a facultade da propia cooperativa de decidir se os cargos de presidente e vicepresidente deben ser elixidos directamente na Asemblea Xeral ou se poden ser atribuídos dentro do órgano de administración de entre os conselleiros elixidos previamente pola asemblea.

Así as cousas, reitérase que delimitase con claridade a delimitación competencial da Asemblea Xeral, a quen, segundo dispón o artigo 31, lle corresponde en exclusiva a aprobación do plan empresarial da cooperativa, así como o nomeamento e a revogación dos administradores, interventores, liquidadores e auditores de contas.

Correspóndelle tamén en exclusiva á Asemblea Xeral, de acordo co mesmo artigo 31, o exame da xestión social, a aprobación das contas anuais, o establecemento de novas achegas obrigatorias ou voluntarias, a emisión de obrigas, títulos participativos ou outro tipo de participacións, a aprobación ou modificación do regulamento de réxime interno da cooperativa, o establecemento ou a modificación das cotas de ingreso ou periódicas e a constitución de cooperativas de segundo grao e doutras formas de participación económica.

Igualmente lle corresponde á Asemblea Xeral, en réxime de exclusividade, a modificación dos estatutos, así como a fusión, escisión, transformación, disolución e liquidación da sociedade, a creación de seccións, a cesión ou o alleamento da sociedade e tódolos demais acordos nos que así o estableza a lei ou os estatutos.

No artigo 32 sinálase que a Asemblea Xeral ordinaria terá competencia para examina-la xestión social, aproba-lo plan empresarial e as contas anuais e resolver sobre a distribución dos excedentes ou a imputación das perdas, polo que terán carácter de extraordinarias tódalas demais asembleas xerais.

Pois ben, fronte ás competencias perfectamente definidas da Asemblea Xeral, a que se reservan as decisións de importancia e transcendencia, réforzase a capacidade de xestión do órgano de administración, que é o Consello Rector, superando a confusión de funcións e competencias existentes ata a entrada en vigor da Lei galega de cooperativas.

Así, fronte á competencia exclusiva da asemblea no que atinxe á aprobación do plan empresarial, establécese que é responsabilidade do órgano

de administración a súa xestión e execución, de xeito que, unha vez aprobadas pola asemblea as liñas de actuación, o Consello Rector actúa sen precisa-lo continuo referendo dela.

En referencia ó Consello Rector, o artigo 41 sinala que este é o órgano de goberno, xestión e representación da sociedade cooperativa, a pesar de que nas cooperativas nas que o número de socios sexa inferior a dez, os estatutos poderán establece-la existencia dun administrador único, persoa física que deberá te-la condición de socio, coas competencias e co réxime establecido para o Consello Rector.

Polo que respecta á representación do Consello Rector, o artigo 42 dispón que esta se entenderá en xuízo e fóra del a tódolos asuntos concernentes á cooperativa e correspóndelle ó presidente do Consello Rector ou ó administrador único a representación legal dela, sen prexuízo de incurrir en responsabilidade se a súa actuación non se axusta ós acordos da Asemblea Xeral ou do propio Consello.

No artigo 43 establécese que serán os propios estatutos os que determinen a composición e a organización do Consello Rector sen que o número de membros sexa inferior a tres, e debe existir en todo caso un presidente, un vicepresidente e un secretario, agás nas cooperativas de traballo asociado cando o número de socios sexa inferior a catro, nas que o consello estará formado por dous membros, polo que non se esixirá o cargo de vicepresidente.

No seguinte artigo, o 44, dispónse que os administradores e os suplentes serán elixidos pola Asemblea Xeral de entre os socios en votación secreta polo maior número de votos. Poderán se o prevén os estatutos, elixirse ata un 25% dos membros do Consello Rector entre persoas físicas non socias, agás os presidente e o vicepresidente que deberán ser, en todo caso, socios da cooperativa, e serán elixidos directamente pola Asemblea Xeral, agás que os estatutos dispoñan expresamente que poderán selo polos membros do Consello Rector de entre os seus compoñentes, tralo que se conclúe salientando que o nomeamento dos concelleiros producirá efectos desde o momento da súa aceptación.

Segundo pode facilmente observarse, a Lei de cooperativas de Galicia tenta reforza-lo seu carácter empresarial a través de distintas opcións susceptibles de utilización en función dos intereses de cada cooperativa; admítese o administrador único en cooperativas de menos de 10 socios para reduci-la complexidade dun órgano de administración en cooperativas de reducido tamaño, ou posibilitase o nomeamento de conselleiros delegados ou conselleiros non socios e tamén se reducen os atrancos para retribuí-los administradores ou mesmo se equipara o réxime de responsabilidade dos administradores co réxime común de responsabilidade esixible ós administradores de sociedades anónimas ou limitadas.

Todo iso ten a finalidade non disimulada de profesionaliza-la a fun-

ción administradora, sen desnaturalizar, en ningún caso, o propio modelo cooperativo, para o que se prevén suficientes cautelas tales como a fixación de porcentaxes máximas, maiorías reforzadas ou límites á delegación de competencias.

Segundo o artigo 53, a Asemblea Xeral elixirá, mediante votación secreta polo maior número de votos, de entre os socios da cooperativa os interventores titulares e os suplentes. O número vén determinado estatutariamente, e establécese, entre as funcións dos interventores a da censura das contas anuais antes da súa presentación á Asemblea Xeral mediante informe emitido para o efecto, convocar Asemblea Xeral nos supostos e a través dos procedementos establecidos nesta lei, controla-la levanza dos libros, solicitar do Consello Rector todas aquelas informacións sobre a marcha da cooperativa, decidir sobre a idoneidade do escrito ou poder que acredite a representación nas asembleas xerais e impugnar ante a Asemblea Xeral a valoración dos bens ou dereitos como achega ó capital social.

No artigo 57 determínase a figura do letrado asesor designado por acordo da Asemblea Xeral para realizar auditoría externa de contas. Este letrado asesor deberá dictaminar en todo caso se son conformes co dereito os acordos adoptados por aqueles que sexan inscribibles en calquera rexistro público, e o seu exercicio é incompatible con calquera cargo doutros órganos sociais e non poderá ser socio da cooperativa nen manter con ela relacións comerciais ou contractuais que non sexan as propias de asesoramento xurídico.

Neste capítulo correspondente á organización das cooperativas quero tamén lembrar que outra das características da lei galega é o fomento do cooperativismo, para o que resulta importante a creación do Consello Galego de Cooperativas, como máximo órgano de promoción e de difusión do cooperativismo en Galicia, cunha composición na que maioritariamente están presentes os representantes do cooperativismo, con funcións consultivas de emisión de informes preceptivos sobre os proxectos de disposicións legais que lle afecten ó cooperativismo, a colaboración na investigación, planificación e execución dos programas de fomento, e á planificación e xestión de fondos de formación e de promoción das cooperativas.

Nesta mesma liña de fomento do cooperativismo, xunto co importante papel do Consello estatuído como inmejorable vía de participación do propio movemento cooperativo en conexión directa coa realidade do sector, a lei tamén reorganiza o Fondo de Formación e Promoción, e acouta as súas finalidades de xeito que responda ó principio cooperativo de educación, formación e información e se converta en instrumento adecuado para satisfacer as necesidades de formación e para fomentar los imprescindibles procesos de intercooperación.

Polo que respecta, por último, á contabilidade, o artigo 72 da lei dispón que as cooperativas deberán levar en orde e ó día o libro-rexistro de socios, o libro-rexistro de achegas ó capital social, o libro de actas da Asemblea Xeral, do órgano de administración, de informes de censura de contas, dos liquidadores e finalmente o libro de inventarios e balances e o libro diario, así como calquera outro que veña esixido por disposición legal. Os ditos libros estarán baixo custodia, vixilancia e responsabilidade do Consello Rector.

No seguinte artigo, o 73, establécese que as cooperativas deberán levar unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade consonte o establecido no Código de comercio, o Plan xeral contable e as singularidades da natureza do réxime económico da sociedade cooperativa. As contas anuais da cooperativa comprenderán, segundo o apartado 2 deste artigo, o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria.

A necesidade dun Plan Xeral de contabilidade adaptado ás sociedades cooperativas xa era necesario con anterioridade á lei galega, pero, despois da lei resulta imprescindible.

8. Modificación e liquidación das cooperativas

Baixo este epígrafe, analizaremos sumariamente as previsións legais, non só no que respecta ó proceso de disolución e liquidación das cooperativas, senón tamén previamente, durante a súa vixencia, os procesos de fusión, escisión ou transformación dunha cooperativa en sociedade civil ou mercantil.

Sobre a fusión, o artigo 75 da lei dispón que as sociedades cooperativas poderán integrarse mediante a fusión de varias cooperativas para constituír unha nova ou mediante a absorción dunha ou máis destas por outra xa existente. Nestes casos as sociedades cooperativas quedarán disoltas e os seus patrimonios e socios pasarán á sociedade nova ou absorbente.

No artigo 80 sinálase o dereito de separación do socio da cooperativa se este votase en contra da fusión ou exprésase a súa desconformidade con ela mediante escrito dirixido ós administradores no prazo de dous meses desde a publicación do último dos anuncios do acordo de fusión.

Polo que atinxe á escisión, a regulación do dito proceso contida no artigo 83 dispón que a cooperativa poderá escindir-se mediante a súa disolución, sen liquidación, e dividiuse o seu patrimonio social e colectivo de socios en dúas ou máis partes, que se traspasarán en bloque a cooperativas de nova creación ou absorbidas por outras xa existentes. Para proceder á escisión, esixírase o desembolso das achegas subscritas e non desembolsadas polos socios da cooperativa.

En canto á transformación dunha cooperativa en sociedade civil ou

mercantil de calquera clase, de conformidade coa normativa que lles resulte aplicable, a dita operación non afecta a personalidade xurídica da sociedade transformada, segundo se especifica no artigo 84 da lei.

Os requisitos que, segundo o dito precepto, rexerán a mencionada transformación, o acordo de transformación adoptado pola Asemblea Xeral, a aprobación por parte desta do balance da sociedade previamente auditado externamente, e a elevación de todo o anterior á escritura pública, que incorporará informe dos expertos independentes sobre o patrimonio social que serán designados de conformidade co previsto na lexislación mercantil ou, no seu defecto, polo Consello Galego de Cooperativas.

No artigo 85 establécese que calquera sociedade ou agrupación de carácter non cooperativo poderá transformarse en cooperativa dalgunha das clases reguladas na lei, sempre que non exista precepto legal que o prohiba expresamente, e a transformación acordaraa a Xunta Xeral, ou farase mediante o sistema válido equivalente para expresa-la vontade social.

Polo que se refire ás causas de disolución, o artigo 86 determina como tales os seguintes: por acordo da Asemblea Xeral, adoptado por maioría dos dous tercios dos votos presentes e representados, por cumprimento do termo fixado nos estatutos, por finalización e cumprimento da actividade empresarial, social ou económica que constituía o seu obxecto social, ou pola imposibilidade notoria e manifesta do seu cumprimento, ou finalmente pola redución do capital social mínimo estatutario ou do número de socios necesarios para constituí-la cooperativa da clase e grao de que se trate.

No que respecta á liquidación, unha vez aberto o proceso, o artigo 89 sinala que se designarán os liquidadores de entre os socios da cooperativa en número impar, elixidos mediante votación secreta pola Asemblea Xeral. O nomeamento dos liquidadores non producirá efectos ata o momento da súa aceptación e a súa renuncia poderá ser aceptada pola Asemblea Xeral aínda que o asunto non conste na orde do día.

Durante o período de liquidación observaranse, tal e como indica o apartado 5 do citado artigo, as normas legais e estatutarias aplicables sobre o réxime das asembleas xerais.

Polo que atinxe ás funcións dos liquidadores, o artigo 91 dispón que estarán facultados para realizar cantas operacións sexan necesarias para a liquidación, así como levar e custodiar os libros e a correspondencia da cooperativa velando pola integridade do seu patrimonio, realizar as operacións pendentes e as nova que sexan necesarias para a liquidación da cooperativa, allear os bens sociais, reclamar e percibir os créditos pendentes e pagar as débedas sociais, concertar transaccións e compromisos cando así lles conveña ós intereses sociais e pagarlles ós acredores e ós socios e transferir-lo remanente da cooperativa ó Consello Galego de Cooperativas.

9. Consideracións conclusivas

Como consideracións finais, quero subliñar que a Lei de cooperativas de Galicia supuxo un importante avance respecto da regulación da materia, e resultou concorde no esencial tanto cos principios da Alianza Cooperativa Internacional, asumidos polas distintas lexislacións conviventes no Estado Español e revisados no ano 1995, en Manchester, con motivo do seu centenario, como, así mesmo, coa normativa estatal e autonómica, se ben adaptada ás especificidades propias da nosa terra, polo que resultou en aspectos concretos pioneira.

Agora ben, ó ser unha regulación cooperativa da nosa Comunidade Autónoma axeitada ás peculiaridades das entidades galegas, non poden obviarse as limitacións derivadas da existencia de normativa de ámbito e competencia estatal, como é a mercantil, laboral e de Seguridade Social, procedemental e sectorial específica que, máis ou menos directamente, acouta a marxe real de regulación da Comunidade Autónoma, como pode observarse pola regulación da opción sobre o réxime de Seguridade Social aplicable ós socios traballadores das cooperativas de traballo asociado, no que simplemente pode extrapolarse a regulación estatal aplicable.

Como se dixo ó principio deste traballo, trátase dun sector que agrupa máis de 100.000 persoas, entre socios e traballadores das distintas empresas; coexisten grandes empresas en proceso de maior crecemento con pequenas cooperativas que subsisten con enormes dificultades, polo que un valor que se lle debe dar á lei galega é a súa constante busca de solucións de equilibrio entre os moi diferentes –e lexítimos– intereses existentes, o que se acadou incluso nos temas de máis difícil conciliación, como son conxuga-lo principio democrático co establecemento do dereito ó voto plural ponderado, que, sen embargo, resulta máis que necesario en determinadas cooperativas, que precisan mecanismos para o recoñecemento da especial e decisiva participación dos socios na actividade cooperativizada.

Segundo queda dito, a lei galega, superando os aspectos da Lexislación estatal claramente inadecuados para a realidade do cooperativismo en Galicia, tenta reforza-lo carácter empresarial das cooperativas, potencia-la súa autonomía a través da autorregulación estatutaria, reforza-la transparencia da cooperativa e das garantías do socio, así como, en definitiva, fomenta-lo cooperativismo, co que dou por concluída esta breve aproximación á Lei galega de cooperativas, que moi gustoso someto a calquera outra consideración mellor fundada. ■

ILUSIÓN FISCAL, ORZAMENTOS E ELECCIÓN. A VISIBILIDADE DOS INGRESOS E DOS GASTOS PÚBLICOS

Alejandro Ballesteros Ron

Departamento de Economía Aplicada, USC

1. Introducción

Se partimos da idea de que os políticos tentan manterse no poder o máximo tempo posible, tanto para levar a cabo as súas ideas políticas como para expresa-la súa concepción do mundo, ou tamén por motivacións persoais, chégase á conclusión de que deben convence-los votantes de que a súa política é a máis correcta para acadalo máximo benestar de tódolos cidadáns, sexa aquela a que se está a pór en práctica cando permanecen no poder ou a que desexarán practicar se chegan a el.

Non sempre iso será factible, porque a valoración dos votantes está influída por distintos elementos como a situación económica persoal e xeral, os beneficios ou prexuízos obtidos do labor do Executivo e a imaxe do gobernante e a dos candidatos, entre outros. Un dos aspectos máis salientables consiste na percepción que teñan respecto das políticas de ingresos e de gastos públicos. Neste traballo tentamos pór sobre a mesa cómo os políticos tentan persuadilos, a través da creación de ilusión fiscal, identificaremos algúns elementos que a provocan e analizaremos-la súa evolución nos concellos galegos.

2. Electoralismo e ilusión fiscal

As ideas anteriores lévannos a pensar que no seu intento de manterse no poder, os políticos manipulan os orzamentos, fundamentalmente porque a opinión dos votantes ten dúas características: só poden expresala súa opinión sobre a política de cada Goberno nas súas respectivas eleccións; e, en segundo lugar, ó forma-la súa opinión, os votantes tenden a esquece-los acontecementos pasados centrándose nos máis inmediatos, posto que o custo de adquirir información exacta das actividades do goberno no período crece moi rapidamente¹.

Baixo estes supostos, os gobernantes para mellora-la opinión dos votantes respecto do seu labor tentarán crear ilusións positivas, no sentido establecido por Puviani², a través da aprobación de maiores gastos, da autorización de menores ingresos ou da utilización simultánea de ámbalas medidas. Preténdese que estas ilusións se produzan en maior medida cando se aproximan as eleccións, momento no que os cidadáns valoran a acción do goberno.

O feito que provoca estas ilusións positivas non ten que amosarse no ano electoral ou no preelectoral, senón que pode presentarse posteriormente, xa que o importante pode se-la aprobación do financiamento e non a realización do gasto³. Constitúe esta unha das cuestións máis sobresaíntes que hai que analizar, xa que a súa importancia vén dada pola opinión dos electores ou polo momento no que xorde a opinión positiva. Debemos ter en conta as diversas etapas que para os contribuíntes presenta a programación do gasto público; o seu anuncio e as melloras que leva consigo; a súa aprobación no órgano oportuno; o comezo das obras que no caso sexan necesarias; e a finalización e inauguración dos mesmos. Posteriormente, débese identificar cál deles constitúe o que provoca o nacemento da ilusión positiva. Do mesmo xeito, reviste im-

¹ POMMEREHNE, WERNER W. e Friedrich, SCHNEIDER (1978), *Fiscal ilusion, political institutions and local public spending*, *Kyklos*, vol. 31, fasc. 3, páxs. 381-408, versión en español en CASAHUGA VINARDELL, ANTONI (1984), *Teoría de la hacienda pública democrática*, Instituto de Estudios Fiscales, Madrid, páx. 724. Esta característica está baseada na miopía dos votantes.

² PUVIANI (1972) di que existe a ilusión optimista ou pracenteira cando ...o *representar maior a suma que na realidade a suma das vantaxes obtidas ou que cabe esperar dos entes políticos, e menor que na realidade a suma das prestacións por eles demandadas, ten por efecto aumenta-la nosa felicidade ou diminuí-las nosas penas.* (páx. 12).

³ Esta opinión de NANCY TEETERS aparece no apartado *General Discussion* de NORDHAUS (1989), páx. 65. É unha idea que debemos ter en conta, xa que esta *promesa* se pode atopar realizada por parte do grupo que está no goberno ou pode figurar no programa de calquera dos outros candidatos. Isto, no último caso, non sería representativo, xa que sería difícil demostrar que foi ese feito ou conxunto de promesas as que levaron o partido a gaña-las eleccións.

portancia o descontento sobre a oportunidade do gasto, o custo de oportunidade de non realiza-las opcións alternativas e a eficiencia do funcionamento da infraestrutura ou do servizo.

A cualificación dunha circunstancia ou dun feito como electoralista ou non amósase difícil. Pode ocorrer que aqueles comportamentos que baixo certas hipóteses estimamos electoralistas non o sexan baixo outras sen que por iso debamos abstermos de cualificalos⁴.

Para darlle contido ó electoralismo nos orzamentos locais recorreremos a tres hipóteses establecidas por Pommerehne e Schneider (1978), relacionadas co comportamento das entidades locais. A ilusión fiscal que poden provoca-los gastos locais preséntase como o elemento central delas:

■ Aínda que se consideran os desexos dos votantes, preferentemente, só antes das eleccións, o gasto público variará ó longo da lexislatura.

■ Os gastos *visibles* para os electores veranse favorecidos en relación a aqueles que o son menos.

■ Certos gastos, soldos e salarios, crecemento do emprego, entre outros, que constituían índices de economización por parte do goberno poden verse reducidos⁵.

Por seren as dúas primeiras hipóteses as máis salientables, debemos considerar tamén os ingresos públicos que financian os gastos, xa que os tributos das entidades locais poden non crecer e, incluso, poder diminuír antes das eleccións, co cal o maior gasto, necesariamente, financiarase a través do endebedamento, que constitúe unha forma de ilusión⁶ e de transferencias de niveis de goberno superiores, de natureza pouco visible para os votantes. Estas subvencións, tamén, representan outra forma de ilusión, xa que os contribuíntes habitualmente descoñecen de onde proceden eses ingresos ó non relacionalos cos impostos estatais. Deste xeito, considéranse os desexos dos votantes, e fináncianse con ingresos non visibles nos momentos próximos ás eleccións.

En relación coa segunda hipóteses –gastos públicos que se consideran altamente visibles– estimamos, como Pommerehne e Schneider, que non é fácil facela operativa posto que teríamos que estimar *qué bens e servizos*

⁴ Está claro que a palabra *electoralismo* ou *electoralista* debe estar afastada de toda pretensión pexorativa, xa que todo político, estea no goberno ou na oposición, actuará desta forma, se por isto e de forma xeral se entenden as accións emprendidas, antes e durante o período electoral, para pretender obte-lo poder ou manterse nel. Tendo en conta que estas accións sempre serán legais. Atacar verbalmente a un adversario ou arranxa-las beirarrúas nun barrio un mes antes das eleccións poden cualificarse, ámbalas dúas, de electoralistas. Tan lexítima é unha como a outra, sen ter en conta a ética que debe presidir estas situacións.

⁵ Véxase POMMEREHNE e SCHNEIDER (1978), páxs. 724-725.

⁶ Véxase PUVIANI (1972), cap. III.

*subministrados publicamente son particularmente visibles e/ou moi importantes desde a perspectiva do votante...*⁷. Neste caso, deberíamos pescudar cáles dos gastos lles interesan máis ós electores en cada municipio, e cáles son os máis visibles. A cuestión que se formula radica en saber se constitúe un feito máis visible para o elector o arranxo dunha rúa ou praza preto da súa residencia ou a construción dunha nova depuradora de auga que mellore o servizo, tendo en conta que definímo-la visibilidade non só como o interese subxectivo que para cada contribuínte ten o gasto público realizado⁸, senón como a súa percepción respecto da actuación municipal.

Antes de entrar na terceira das hipóteses, cómpre sinalar que na parte dos gastos, tanto os investimentos como as transferencias correntes constitúen capítulos que pola súa discrecionalidade e pola súa visibilidade representan elementos importantes para a posible manipulación electoralista dos orzamentos locais. Por outra banda, os ingresos que xeran ilusión fiscal, e que polo tanto os cidadáns poden ignorar, son o endebedamento e as transferencias que reciben os concellos.


A diminución dalgúns gastos públicos antes das eleccións –terceira hipóteses– estimamos que é a menos factible de contrastar, aínda que Pommerehne e Schneider a confirman. Os gastos de persoal e de compras de bens e de servizos son os menos visibles do concello, e non só non tenderán a reducirse, senón que en certo momento incluso poden aumentar como consecuencia de determinadas obras ou arranxos emprendidos inmediatamente antes das eleccións e tamén polo efecto que os burócratas, en tanto electores, exercen sobre os políticos.

Como apreciamos nas gráficas 1 e 2, os gastos correntes e de persoal presentan as menores porcentaxes con respecto ós gastos totais nos anos intermedios do ciclo electoral. As maiores porcentaxes aparecen nos anos electorais 1987 e 1991, ou como ocorre no segundo grupo de concellos, en 1992, no ano seguinte. As menores variacións da porcentaxe preséntanse para os gastos de persoal, nos concellos de menor poboación. Isto leva a que as previsións de Pommerehne e de Schneider non se cumpran nos concellos galegos; sen embargo, os cambios nas porcentaxes son relativamente reducidos.

⁷ POMMEREHNE e SCHNEIDER (1978), páx. 727.


⁸ Non só respecto dos gastos senón tamén dos ingresos públicos. Realizáronse algúns intentos para averiguar-la súa visibilidade. Véxase ROIG ALONSO (1989, 1995, 1997 e 1999).

Gráfica 1



Fonte: Elaboración propia a partir de: *Análise das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.

Gráfica 2



Fonte: Elaboración propia a partir de: *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.

3. Valoración dos ingresos e dos gastos públicos

A ilusión fiscal positiva no relativo ós ingresos significa a infravaloración sistemática dos tributos que soportan os contribuíntes con respecto á cantidade real. Tamén pode suceder que esta sexa sobrevalorada, o que provocaría unha ilusión fiscal negativa. No primeiro caso, o contribuínte séntese beneficiado porque cre que os impostos pagados ó concello son menores dos que realmente soporta; no segundo, vese claramente prexudicado ó entender que paga máis do que realmente ingresa. Isto pode ocorrer se os impostos son moi visibles, é dicir, se o contribuínte é perfectamente consciente de que os está a soportar.

Respecto dos gastos, a ilusión fiscal positiva supón que o cidadán cre que recibe máis bens e servizos dos que realmente obtén, mentres que a negativa significa que estima que recibe menos bens públicos dos que en realidade está a gozar.

Táboa 1

		Ingresos	
		Sobrevaloración	Infravaloración
Gastos	Sobrevaloración	+(g)	+(g)
		-(i) (1)	+(i) (2)
	Infravaloración	-(g)	-(g)
		-(i) (4)	+(i) (3)

+ indica un crecemento na valoración do labor do goberno; -indica un descenso; (g) gastos; (i) ingresos.

Este cruzamento de infravaloracións e sobrevaloracións segundo a percepción dos cidadáns como, podemos ver na táboa 1, produce distintos efectos na opinión que teñen do goberno. A infravaloración dos ingresos e a sobrevaloración do gasto producen un crecemento na popularidade do goberno, mentres a sobrevaloración dos ingresos e a infravaloración do gasto tería como resultado unha diminución da popularidade.

No segundo cuadrante, a opinión dos votantes da acción do goberno sería a máis positiva, mentres que no cuarto sería a máis negativa. Nos outros dous, a opinión dos votantes, que se manifesta nas eleccións, dependerá do momento e da intensidade coa que se produce a infravaloración ou sobrevaloración. Así, os efectos positivos deben producirse o máis cerca posible da convocatoria electoral, mentres que os negativos deben producirse o máis lonxe.

No caso do gasto dos concellos, as deficiencias dos servizos públicos locais son facilmente detectables e sobre todo os externos e os máis habituais, como a iluminación público a recollida de lixo, o fornecemento de augas, o arranxo e a conservación de rúas e beirarrúas, son moi visibles, co cal a súa subministración incidirá directamente na valoración, tanto da acción dos políticos como do impacto dos impostos e, deste modo, constitúen os elementos que desde o lado do gasto intenten aproveita-los gobernos locais para crear ilusións positivas nos momentos previos ás eleccións.

Os ingresos tributarios representan o 38,86 por cento dos ingresos totais nos concellos menores, e o 52,73 por cento no concellos maiores. Isto relativiza a ilusión fiscal que se pode crear desde os impostos locais. Os concellos poden recadar cinco, dos cales catro son directos e un indirecto. Este último, o Imposto de construción, instalacións e obras, é un imposto de esixencia voluntaria para os concellos e cunha recadación relativamente pouco importante -representa, no 1993, o 9,18 por cento dos ingresos tributarios nos concellos con poboación superior ós 20.000 e inferior ós 50.000 habitantes e un 6,10 por cento naqueles con poboación superior ós 50.000 habitantes-, polo que a ilusión fiscal que se pode xerar é escasa, pero posible.

Dos restantes, só o Imposto de actividades económicas, baixo algúns supostos moi restrictivos, pode ser trasladado polos empresarios ós prezos, co cal constituiría un financiamento soportado polos consumidores do concello de forma pouco visible. Ademais, neste caso, sobre todo naqueles concellos que atraen consumidores doutros, existe a posibilidade de que trasladando o imposto a prezos, se estea exportando este ó pagalo os consumidores doutros concellos. Este é un imposto obrigatorio e representaba, en 1993, unha recadación do 12,34 por cento nos concellos menores e dun 18,40 nos maiores.

Gran parte dos ingresos non tributarios están constituídos polas transferencias intergubernamentais e polo endebedamento. Estes dous instrumentos son susceptibles de producir ilusión fiscal ou infravaloración dos custos dos servicios públicos. A súa existencia non necesariamente reducirá os impostos locais, pero si pode eleva-la utilidade aparente dos servicios públicos, porque o contribuínte non percibe que o endebedamento elevará no futuro os impostos ou reducirá os servicios, e que as transferencias proceden á súa vez dos tributos pagados a outro nivel de goberno. Este elemento pódese traducir nunha solidariedade partidista que levaría consigo maiores transferencias cara ós concellos do mesmo color político.

4. Crecemento dos ingresos financeiros e dos investimentos

Dos elementos que xeran ilusión fiscal, tanto por parte dos ingresos como dos gastos, analizámo-los ingresos financeiros e os investimentos. Comparámo-la porcentaxe de crecemento destas dúas variables orzamentarias dun ano con respecto ó anterior, en función da seguinte fórmula:

$$I_t = \frac{X_t - X_{t-1}}{X_{t-1}} = \frac{X_t}{X_{t-1}} - 1$$

O estudio facémolo nos concellos galegos maiores de vinte mil habitantes, os cales dividimos en dúas categorías, que denominaremos, respectivamente, primeiro estrato, no que agruparémolo-los concellos cunha poboación maior ós cincuenta mil habitantes, e segundo estrato, con aqueles dunha poboación inferior⁹.

Teremos en conta que as variables non deben sinalar un crecemento *incrementalista*, é dicir, se o orzamento está aumentando ano a ano de forma lineal.

⁹ Os concellos que forman parte do primeiro estrato son A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo; e os do segundo, Cangas, Carballo, A Estrada, Marín, Monforte, Narón, Ribeira, Redondela, Vilagarcía.

Unha das formas de estimar que o orzamento non sexa incrementalista consiste en observar que non hai unha tendencia fixa dentro da serie estudiaada; noutras palabras, que os orzamentos non se incrementan anualmente de forma proporcional, independentemente dos factores externos que lle poden afectar, como a situación económica e en concreto o crecemento inflacionario, o período electoral, os cambios de lexislación da facenda e a administración local, entre outros.

Outra das formas proporciónaa Carrillo Barroso (1991)¹⁰, quen baseándose en Danziguer (1978) e Rose e Page (1982), estima a seguinte relación para determinar se o crecemento dun orzamento ou dunha variable é ou non incrementalista:

- $0,05 \leq I_t \leq 0,15$ será incrementalista
- $0,15 < I_t \leq 0,30$ ou $-0,10 \leq I_t < 0,05$ relativamente incrementalista
- $I_t < -0,10$ ou $I_t > 0,30$ non incrementalista¹¹

Consideramos como ingresos financeiros os que aparecen como tales nos orzamentos locais, é dicir, activos e pasivos financeiros. Polo tanto, non só considerámo-la actividade endebedadora da entidade, a través dos préstamos recibidos e das emisións de débeda realizadas, senón que tamén considerámo-las vendas por parte do concello de débeda, obrigas, bonos e os reintegros de préstamos concedidos¹². Trátase dunha actividade que, a maior parte das veces, pasará desapercibida para o electorado xa que, aínda que case tódalas operacións de crédito deben ser aprobadas polo Pleno da corporación e deben facerse públicas, o cidadán votante non acostuma estar informado ó respecto ou máis concretamente, os custos de informarse poden ser demasiado altos en comparación cos beneficios obtidos de facelo.

Por outra parte, deixando de lado a lexislación, o financiamento mediante débeda é un medio de xerar ilusións fiscais porque o contribuínte, como beneficiario dos servizos públicos, non percibe inmediatamente o

¹⁰ CARRILLO BARROSO, Ernesto (1991), cap. 3, e a bibliografía que nel inclúe.

¹¹ CARRILLO BARROSO (1991), cap. 3, páx. 111, nota 10, aclara que *un cambio non incremental prodúcese cando unha adscrición creceu en máis dun 30 por 100 ou ben cando decreceu máis dun 10 por 100* (CARRILLO BARROSO, *ibidem*). A hipótese de incrementalismo está, por outra banda, debidamente corrixida no texto ó noso índice. O crecemento que nós definimos, I_t , está construído de forma diferente ó seu ADS_t , xa que o ADS sería a proporción en que creceu unha adscrición respecto ó ano anterior (cap. 3, páx. 111), mentres que o índice de crecemento, aquí definido, será a porcentaxe que representa a diferenza dunha variable orzamentaria dun ano e do anterior con respecto a este último. É unha relación diferente xa que o noso crece cando a relación sexa superior a cero, e non necesariamente superior a un, e decrece cando sexa negativa e non cando sexa inferior a un. Mentres, o ADS_t decrece se o menor ca un e crece se o, necesariamente, superior a un.

¹² As operacións de crédito que leve a cabo o concello están reguladas pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, título I, capítulo VII –operacións de crédito–, artigos do 49 ó 56.

custo dos bens financiados a través de débeda, co que *se dilúe o coñecemento de quen soportará realmente os custos da provisión e esváese ó mesmo tempo cando o dito custo se fará finalmente efectivo*¹³. Pero a débeda pública non pode ser examinada sen ter en conta que con ela xeralmente se financian investimentos, que non renderán o seu froito ata máis tarde, cando sexan finalizados; xorde así a posibilidade de que os ingresos financeiros sexan utilizados electoralmente.

Se os investimentos e o seu financiamento por endebedamento se producen coa antelación suficiente para seren rematados ou postos en funcionamento antes das eleccións, de xeito que resulten *gratuítos* (de momento) para o contribuínte, están beneficiando os políticos que queren ser reelixidos¹⁴, xa que se crea unha ilusión positiva nos electores, aínda que unicamente se trate dun beneficio temporal¹⁵. Ademais, co pagamento diferido, o contribuínte pode percibir con máis énfase o beneficio do investimento realizado e o mellor funcionamento dos servicios públicos, o que faría infravaloralo custo que ocasiona o pagamento da débeda.

Evidentemente, o problema non está, neste caso, na emisión de débeda para o pagamento de proxectos de investimento, senón no momento en que xera a ilusión fiscal. É dicir, a diferenza que existe entre o momento en que o investimento remata, normalmente antes das eleccións, e o momento en que a débeda se paga, con posterioridade ás eleccións. A cuestión que se formula é ¿en que momento se endebedan máis os gobernos municipais? e ¿cal é o destino desa débeda?, o que leva consigo que analicemos conxuntamente os ingresos financeiros e os investimentos.

¹³ ÁLVAREZ CORBACHO (1992), pax. 377. Referidos á ilusión fiscal provocada polas facendas locais poden ver: GOEZT (1977), CARTER, Richard (1982), DILORENZO, Thomas J. (1982), POMMERHENE (1978), POMMERHENE e SCHNEIDER (1978).

¹⁴ A Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais establece que poderán adquirirse compromisos por gasto, que se estenderán a exercicios posteriores, sempre e cando comecen no que se autoriza e que se dediquen, entre outros, a investimentos e transferencias de capital. Os exercicios nos que se poderán aplicar estes gastos non serán superiores a catro. Por outra parte, a cantidade que resulta de aplicar o crédito correspondente nos exercicios autorizados, non poderá exceder de aplicarlle ó crédito unha porcentaxe do 70% no ano seguinte, o 60% no segundo e o 50% no terceiro e cuarto. Isto quere dicir que as novas corporacións locais poñen en práctica, canto antes, os investimentos que queiran levar a cabo, de tal xeito que o gasto por este investimento vaise reducindo anualmente.

¹⁵ Esta ilusión positiva faise patente durante a campaña electoral, na que non só se recordará o que se fixo senón que tamén pode converterse nunha campaña de inauguracións das obras levadas a cabo durante o período. Un bo exemplo disto proporciónao a campaña electoral do alcalde da Coruña, FRANCISCO VÁZQUEZ, en 1987. Véxase o capítulo IV de GARCÉS, LUCI e VARELA, Xosé (1987): "Elecciones municipales. 1987, una solución de jeroglífico", *La Voz de Galicia*, Biblioteca Nova, A Coruña.

Nos cadros 1 e 2 e nas gráficas 3 e 4 obsérvanse as porcentaxes que representan tanto os ingresos financeiros como os investimentos con respecto ós ingresos e ós gastos totais, respectivamente. No primeiro caso, a maioría dos datos oscilan entre o 10% e o 20 %. Advertimos, tamén, que os primeiros anos de aplicación da nova LRFL non producen efectos significativos no proceso de endebedamento das corporacións locais. Pero é de resaltar un feito; nos dous anos electorais (1987 e 1991) rexístranse as menores porcentaxes de cada estrato, coa excepción de 1984 e 1992. Despois do ano electoral, os ingresos financeiros crecen durante dous períodos consecutivos para comezar a baixar e acadalo seu nivel máis reducido no ano electoral. Ó comezo do novo período, 1992, os ingresos


Cadro 1

INGRESOS FINANCIEROS COMO PORCENTAXE DOS INGRESOS TOTAIS		
Ano	Cid. > 50.000 hab.% IF/IT	cid. < 50.000 hab.% IF/IT
1984	10,80	7,34
1985	15,79	15,54
1986	10,12	14,15
1987	8,20	12,21
1988	13,07	14,17
1989	27,56	15,87
1990	17,83	15,29
1991	15,30	12,47
1992	14,86	9,41
1993	16,32	11,47

% IF/IT. Porcentaxe que representan os ingresos financeiros con respecto ós ingresos totais

Fonte: Elaboración propia a partir de: *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.

Gráfica 3



Fonte: Elaboración propia a partir de: *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.


Cadro 2

INVESTIMENTOS COMO PORCENTAXE DOS GASTOS TOTAIS		
Ano	Cid. > 50.000 hab.% INV./GT	cid. < 50.000 hab.% INV./GT
1984	16,86	29,88
1985	19,87	34,47
1986	17,29	29,85
1987	14,35	25,19
1988	20,41	29,17
1989	31,73	32,63
1990	26,97	31,06
1991	14,68	19,87
1992	17,90	21,44
1993	21,67	23,31

% INV./GT.- Porcentaxe que representan os investimentos sobre os gastos totais.

Fonte: elaboración propia a partir de: *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.

Gráfica 4



Fonte: elaboración propia a partir de: *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.

financeiros, en contra do que ocorría en 1988, descenden en ámbolos estratos e retoma o crecemento no ano seguinte.

No caso dos investimentos, a presenza deste fenómeno semella máis marcada porque as oscilacións son maiores. Entre 1986 e 1987, a porcentaxe cae tres puntos para as cidades maiores e catro para as menores, mentres que, en 1991, a porcentaxe cae doce no primeiro estrato e once no segundo, co que se continúa a tendencia marcada polos ingresos financeiros. En 1992, a evolución das dúas variables resulta diferente; mentres que os ingresos financeiros descenden, os investimentos crecen; sen embargo, en 1993, ámbolos dous aumentan as súas porcentaxes.

Cadro 3

CRECIMENTO DOS INGRESOS FINANZEIROS		
Ano	cid. > 50.000 hab. C. IF %	cid. < 50.000 hab. C. IF %
1985	80,89	165,41
1986	-33,73	-5,72
1987	-12,15	-11,48
1988	127,93	39,18
1989	201,31	48,49
1990	-42,48	5,20
1991	-7,86	-19,64
1992	20,63	-14,92
1993	15,99	17,64

C. IF % Crecemento dos ingresos financeiros.

Fonte: elaboración propia a partir de: *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.

Gráfica 5



Fonte: elaboración propia a partir de: *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.

Obsérvase que mentres os ingresos financeiros varían en relación a que estrato ten a maior porcentaxe, os investimentos son maiores para os concellos do segundo estrato.

En definitiva, observamos un ciclo que comparten case ó mesmo tempo os ingresos financeiros e os investimentos. Ámbalas variables crecen ata acadalo seu máximo, dous anos antes das eleccións, e, a partir dese momento, descende a súa importancia con respecto ós ingresos e ós gastos totais, respectivamente, ó acadalo mínimo no ano electoral.

Nos cadros 3 e 4 e nas gráficas 5 e 6 vemos como evolucionaron os ingresos financeiros e os investimentos durante este período nos concellos

Cadro 4

CRECEMENTO DOS INVESTIMENTOS			
Ano	cid. > 50.000 hab. % IC INV.		cid. < 50.000 hab. % IC INV.
1985	35,67		40,32
1986	-4,21		-7,19
1987	-11,63		-17,79
1988	93,67		39,32
1989	114,93		51,28
1990	-17,18		0,46
1991	-43,95		-28,39
1992	46,13		3,23
1993	30,26		12,57

Fonte: elaboración propia a partir de: *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.

Gráfica 6



Fonte: Elaboración propia a partir de: *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos, Xunta de Galicia.

estudiados. Adivíñase un ciclo como o que falabamos máis arriba cun maior incremento de ámbalas variables nos dous primeiros anos (84/85, no primeiro caso, 88/89, no segundo e 92/93, no terceiro) e un menor incremento, e incluso un descenso, nos inmediatamente anteriores ás eleccións municipais (86/87 no primeiro período, 90/91 no segundo). Só os ingresos financeiros do segundo estrato no ano 92 rompen esta tendencia.

As variacións nos concellos menores son inferiores ós do primeiro estrato. Os maiores incrementos prodúcense xeralmente nos anos 1985, 1988 e 1989, e os menores e os descensos en 1986, 1987 e 1990. O comportamento anual prodúcese do seguinte xeito:

- 1985, dez grandes incrementos, superiores ó 100% e un do 7,8%.
- 1986, seis descensos superiores ó 50%, dous superiores ó 30% e en dous casos máis o ascenso é menor ó do ano anterior.
- 1987, seis descensos superiores ó 50%, tres superiores ó 30% e outro máis do 13,77%.
- 1988, oito incrementos superiores ó 100% e catro máis inferiores, pero, salvo un, superiores ó 15%.
- 1989, cinco incrementos superiores ó 100% e dous superiores ó 30%, tres entre o 30% e o 15% e dous máis inferiores.
- 1990, tres son os descensos superiores ó 50%, tres entre o 50% e o 30% e tres máis superiores ó 10%. Só en dous concellos se inverte a tendencia, é dicir, os ingresos financeiros crecen en menor porcentaxe ca ano anterior.
